

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Traballo e Benestar

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Relacións Laborais

Resolución de inscrición e publicación do convenio colectivo da empresa Emafesa (Empresa Mixta de Aguas de Ferrol, SA)

Visto o expediente do convenio colectivo da empresa EMAFESA (EMPRESA MIXTA DE AGUAS DE FERROL S.A., (código do convenio 15004052012003), que tivo entrada no Rexistro de Convenios Colectivos o día 12 de maio de 2011, completado o día 24 de agosto de 2011, e subscrito o día 28.04.2011 pola representación da empresa e, pola parte social, polos membros do comité de empresa do sindicato UXT, que constitúen a súa maioría, e de conformidade co disposto no artigo 90 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo e na Orde de 29 de outubro de 2010 pola que se crea o Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia

Esta Xefatura Territorial de Traballo e Benestar,

ACORDA

Primeiro.- Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia

Segundo.- Dispoñer a súa publicación no Boletín oficial da provincia da Coruña.

A Coruña, 28 de agosto de 2011

O xefe territorial de Traballo e Benestar

Luis A. Alvarez Freijido

CONVENIO COLECTIVO DE "EMPRESA MIXTA DE AUGAS DE FERROL, S.A." (EMAFESA)

CAPÍTULO I. ÁMBITO E VIXENCIA

Artigo 1º.- Ámbito funcional.

O presente Convenio Colectivo será de aplicación a todos os traballadores e traballadoras da "Empresa Mixta de Augas de Ferrol", e regulará as condicións laborais entre estes e a Dirección da Empresa.

Artigo 2º.- Ámbito territorial.

As disposicións contidas no presente Convenio Colectivo rexerán en tódolos centros de traballo abertos pola empresa "Emafesa" e aqueles outros que se poidan crear, situados no ámbito territorial da provincia de A Coruña, onde a empresa realiza as súas actividades de embalse, depuración, transporte, almacenamento, distribución de auga potable e saneamento.

Artigo 3º.- Vixencia e denuncia do Convenio.

O presente Convenio terá unha vixencia de dous anos (2009-2010), iniciándose esta con efectos de 1 de xaneiro de 2009 e rematando o 31 de decembro de 2010. O presente Convenio prorrogarase ó seu termo de ano en ano automaticamente, se non fose denunciado con dous meses de antelación ó remate da súa vixencia inicial ou prorrogada.

A denuncia deste Convenio deberá efectuarse por calquera das partes, mediante comunicación escrita á outra parte asinante e á autoridade laboral, segundo o previsto en canto a prazo no parágrafo anterior.

En caso de prórroga por non ser negociado un novo Convenio experimentará unha suba salarial do IPC real.

Este Convenio entrará en vigor o día da súa sinatura con independencia da data da súa publicación, mantendo o seu contido normativo en tanto en cando non se negocie un novo convenio.

CAPITULO II. XORNADA DE TRABALLO.**Artigo 4º.- Xornada de traballo.**

Establécese una xornada de computo anual de 1.740 horas.

Con carácter xeral, en materia de traballo e descansos, estarase ó que, en cada momento, estableza a lexislación vixente.

Artigo 5º.- Calendario laboral.

A empresa e os representantes dos traballadores e traballadoras negociarán o calendario laboral do ano seguinte no mes de decembro do anterior ano, publicando este no taboeiro dos diferentes centros de traballo. O calendario laboral deberá incluír necesariamente os días festivos oficiais (estatais, autonómicos e locais) e os horarios de traballo para cada réxime de xornada e, no seu caso a programación do réxime de quendas, reténs e as datas hábiles para o goce de vacacións e descansos compensatorios. Neste sentido a Empresa procurará que as quendas sexan rotativas entre os traballadores que desenvolvan unha mesma actividade.

CAPITULO III. RETRIBUCIÓNS DOS GRUPOS PROFESIONAIS.**Artigo 6º.- Retribucións dos grupos profesionais.**

As retribucións dos grupos profesionais son as reflexadas nas Táboas retributivas recollidas nos Anexos I e II deste Convenio, que inclúe a totalidade dos conceptos retributivos a percibir polos traballadores da empresa na súa actividade realizada en xornada ordinaria, a excepción dos que se expresan de seguido no apartado F):

A) Salario base. Entenderase por salario base a retribución correspondente, en cada unha das categorías profesionais, a unha actividade normal por unidade de tempo, durante a xornada de traballo fixada neste Convenio.

O salario base establécese diario ou mensual, sendo o seu importe para cada categoría o reflexado nas Táboas retributivas recollidas nos Anexos I e II deste Convenio, e sempre referido á xornada legal establecida neste Convenio. Se a xornada de traballo fose inferior á disposta no presente Convenio, o salario base se percibirá na parte proporcional correspondente coa xornada parcial.

B) Plus de transporte. Complemento indemnizatorio ou suplido: Para todo o persoal da empresa establécese un plus de transporte mensual de carácter extrasalarial, coma compensación dos gastos de desprazamento dentro da localidade, así como dende o domicilio ó centro de traballo. Este plus percibirase en doce mensualidades, sendo o seu importe para cada categoría o reflexado nas Táboas retributivas recollidas nos Anexos I e II deste Convenio.

C) Plus Penoso. Establécese un plus de penosidades polas especiais condicións de prestación de servizos para determinadas categorías profesionais, según se concreta nas Táboas retributivas recollidas nos Anexos I e II deste Convenio. Este plus percibirase en doce mensualidades ou 365 días ao ano, sendo o seu importe para cada categoría o reflexado nas citadas Táboas Anexas.

D) Pagas extraordinarias.- O salario estará composto por 14 pagas, das cales dúas delas serán extraordinarias, unha de verán que se devengará dende o 1 de xaneiro ata o 30 de xuño, aboándose o 15 de xuño, e a outra, de Nadal, que se devengará dende o 1 de xullo ata o 31 de decembro, aboándose o 15 de decembro.

F).- Complementos:**1.- Festivos e Disponibilidade****ETAP**

	Ano 2009	Ano 2010
Domingo ETAP:	23,74 €	24,64 €
Festivo ETAP:	33,92 €	35,21 €
24-25/12 e 31/12 – 1/1 ETAP:	Segundo se recolle no artigo 15.3	

Fontanería**Disponibilidade por día efectivo:**

Luns a venres:	12,43 €	12,90 €
Sábados:	18,09 €	18,78 €
Domingo-festivo, por día efectivo:	23,74 €	24,64 €

Disponibilidade 24-25/12 e 31/12 – 1/1: Segundo se recolle no artigo 15.4

As cantidades establecidas para 24-25/12 e 31/12 – 1/1 serán acumulativas ás establecidas para domingos e festivos.

Nocturnidade:

Segundo se recolle no artigo 15.7

2.- Quebranto de moeda, recuento e conteo: O persoal que teña ao seu cargo e baixo a súa responsabilidade unha caixa, e polo tanto manexe dinero en efectivo, percibirá un plus de carácter extrasalarial en concepto de quebranto de moeda polas diferencias debidas a posibles erros nas súas liquidacións. Este complemento percibirase en doce mensualidades, sendo o seu importe para o ano 2009 de 50 euros mensuais; e para o ano 2010 a cantidade de 51,90 euros mensuais.

Nos anteriores supostos, o importe das posibles diferencias monetarias será detraído na medida necesaria ata chegar a súa cobertura nas retribucións mensuais, unha vez comprobada a circunstancia.

Se suspenderá o seu cobro cando motivos de calquera índole, voluntaria ou involuntaria, incluída a enfermidade ou accidente, impidan o desempeño das súas funcións ao perceptor. Non obstante, para que esta suspensión teña lugar a non realización de funcións debe durar polo menos, trinta días de forma continuada.

O que substitúa ao persoal que tivese dereito á percepción de quebranto de moeda, a lo menos trinta días, terá dereito ao cobro desta retribución en períodos cumpridos e conceptos mensuais, pola cuantía da percepción do persoal que substitúa.

3.- Complemento de xestión comercial: Establécese un plus de xestión comercial ao persoal directamente asignado a postos de atención ao público. Este complemento percibirase en doce mensualidades, sendo o seu importe para o ano 2009 de 80 euros mensuais; e para o ano 2010 a cantidade de 83,04 euros mensuais.

4.- Complemento de lecturas: Establécese un complemento mensual de lecturas a aplicar sobre o número de lecturas efectivas reais que supere o 70%. Á porcentaxe de lecturas que sobrepase o promedio citado lle corresponderá unha cantidade de acordo coa seguinte escala:

- Cantidade mensual máxima a percibir por este concepto: 150 euros (2009); 155,70 euros (2010).
- Cantidade mensual mínima a percibir por este concepto: 60 euros (2009); 62,28 (2010).

Para as porcentaxes de lecturas efectivas reais que superen o 70% a cantidade a percibir calcularase segundo a seguinte fórmula:

$$C = 3P^* - 150 \text{ (ano 2009) ó } 155,70 \text{ (ano 2010)}$$

*Ano 2010 3,114P

Sendo C= importe do complemento en euros.

P= porcentaxe de lecturas efectivas, sempre maior ou igual de 70% e menor ou igual que 100%

Enténdense como lecturas reais as lecturas correctas, sen contabilizarse as seguintes:

- 1 Non leída
- 1 Ruta incorrecta
- 2 Ausencia
- 11 Tapado
- 18 Contador ilocalizado
- 19 Finca ilocalizada
- 26 Batería sen chave
- 30 Non leído este período

Este complemento percibirase en doce mensualidades.

5.- Plus de turnicidade: Os traballadores que realicen a súa xornada laboral en turnos rotativos durante as 24 horas do día e durante os 365 días do ano, percibirán en concepto de Plus de turnicidade a cantidade de 1,30 euros por cada día efectivo traballado para o ano 2009; e para o ano 2010 a cantidade de 1,35 euros por cada día efectivo traballado.

A estes efectos enténdese por traballo a turnos aqueles traballos que requiran a execución dunha actividade permanente durante as 24 horas do día e durante os 365 días do ano. Estes traballadores disfrutarán do descanso semanal en unha data variable, entendéndose que as horas traballadas en sábados, domingos ou festivos forman parte da súa xornada laboral ordinaria anual de traballo, de acordo co cadrante de turnos establecido na empresa ou centro de traballo.

Os traballadores que realicen a súa xornada laboral en turnos rotativos de mañana e tarde percibirán en concepto de Plus de turnicidade a cantidade de 1,08 euros por cada día efectivo traballado dentro do turno para o ano 2009; e para o ano 2010 a cantidade de 1,12 euros por cada día efectivo traballado dentro do turno.

6.- Complemento por antigüedad: Por cada ano de antigüedad que os traballadores cumpran na empresa, percibirán en cómputo anual a cantidade resultante de aplicar a porcentaxe do 0,4% á retribución bruta anual establecida para a súa categoría profesional reflexada nas Táboas retributivas recollidas nos Anexos I e II deste Convenio. Este complemento se prorrateará entre as catorce mensualidades (12 ordinarias + 2 pagas extra).

7.- Horas extraordinarias: As horas extraordinarias retribuiranse co recargo do 75 por cento sobre o valor da hora normal.

Artículo 7º.- Actualización Salarial.

Para os anos 2009 e 2010 se aproban as táboas retributivas definitivas adxuntas como Anexos I e II.

A actualización de salarios se efectuará dentro do mes seguinte á sinatura do presente Convenio.

CAPITULO IV. PRESTACIÓNS SOCIAIS.

Artigo 8º.- Baixas por enfermidade e accidente.

A empresa complementará ata o 100% do salario da empregada ou empregado con motivo da súa baixa por Incapacidade temporal derivada de accidente laboral dende o primeiro día da baixa. Así mesmo, a empresa complementará ata o 100% do salario do empregado, dende o primeiro día, con motivo de súa baixa por incapacidade temporal derivada de enfermidade común ou accidente non laboral, nos casos seguintes:

- a) Hospitalización acreditada (ingreso en centro hospitalario, non ambulatorio).
- b) Cando o traballador non sufrira unha baixa por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns nos 365 días anteriores ao inicio da baixa.
- c) Intervención quirúrxica contemplada dentro do Réximen da Seguridade Social.

Fora destes supostos, se o absentismo no ano anterior fose inferior ou igual ó 4,5 % (total días IT ano anterior / total plantilla indefinida ou con antigüedad superior a dous anos x días de alta na TXSS ano anterior), a empresa abonará o complemento ata o 100% a partires do décimo terceiro día da baixa, incluído.

Se o absentismo no ano anterior fose superior ó 4,5%, a empresa abonará o complemento ata o 100% a partires do décimo sexto día de baixa, incluído.

A bonificación empresarial, en calquera caso, só alcanzará á diferenza existente entre as prestacións económicas que lle correspondan ao traballador e que abone a Seguridade Social e o tanto por cento que se garantiza no presente artigo.

A negativa do traballador aos recoñecementos médicos a cargo do persoal médico da Empresa ou do persoal especializado designado por éste ou pola Empresa con motivo de verificar o estado de enfermidade ou accidente do traballador que sexa alegado por éste para xustificar as súas faltas de asistencia, así como o retraso no cumprimento dos prazos legalmente establecidos para a entrega á empresa dos partes médicos de baixa e sucesivos de confirmación, será, como mínimo, motivo suficiente para anular totalmente o complemento económico á prestación da Seguridade Social durante o período que reste do proceso ata o alta médica.

Artigo 9º.- Recoñecemento médico.

Anualmente, nas datas que a Empresa indique, e por conta desta, realizarase un recoñecemento médico completo. Así mesmo, as traballadoras terán dereito a un recoñecemento xinecolóxico anual.

Será facilitado a cada empregado un resumo de dito recoñecemento médico.

Así mesmo, os novos empregados, antes da súa admisión, serán sometidos a un recoñecemento médico.

Artigo 10º.- Licencias e permisos retribuídos.

O traballador ou traballadora, previo aviso e xustificación, poderá ausentarse do traballo con dereito a remuneración por algún dos motivos e tempos seguintes:

- a) Por matrimonio: 15 días naturais ininterrompidos.
- b) Por matrimonio de fillos e fillas, irmáns, pais: un día natural.
- c) Por xestación ou parto: segundo a legislación vixente.
- d) Por paternidade: Trece días naturais.
- e) Por enfermidade grave ou falecemento de cónxuxe, fillos ou fillas, ou parentes ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade, ou persoas que convivan co traballador ou traballadora: tres días.

f) Quen, por razóns de garda legal, teña ó seu coidado algún menor de oito anos ou maior diminuído físico ou psíquico, terá dereito á diminución da súa xornada de traballo no tempo que o interesado estime preciso, con redución proporcional das súas retribucións.

g) Por traslado de domicilio habitual: un día natural.

h) Para acudir a exames e demais probas de aptitude ou avaliación en centros oficiais (formación regrada): os días da súa celebración.

i) O traballador ou traballadora cun fillo ou filla menor de nove meses terá dereito a unha hora diaria de ausencia do traballo. Este período de tempo poderá dividirse en dúas fraccións.

j) Asuntos propios: Establécese un día para asuntos propios, ademais das vacacións anuais e ao marxe do calendario de festas, que non terá carácter de recuperable. Se poderá elixir libremente a data, respetando sempre as necesidades do servizo e coa única limitación de que non poderá acumularse ás vacacións anuais nin a festivos. O disfrute deste día deberá ser solicitado ó Xefe de Departamento notificándoo previamente cunha antelación mínima de 72 horas, debendo ser confirmado ou denegado (por causa xustificada de necesidade do servizo) nas 24 horas seguintes. En caso contrario se considerará como concedido.

Coa finalidade de facilitar a relación de parentescos e os grados dos mesmos, inclúese como Anexo III do presente Convenio a táboa dos grados de parentesco.

Aos efectos do disposto no presente artigo, considérase desprazamento a distancia de 120 kms. (ida).

Artigo 11º.- Excedencias voluntarias.

O traballador con a lo menos un ano de antigüidade na empresa terá dereito a que se lle recoñeza a posibilidade de situarse en excedencia voluntaria por un prazo non inferior a catro meses nin superior a cinco anos. Este dereito só poderá exercitarse de novo polo mesmo traballador unha vez transcurridos catro anos dende o final da anterior excedencia.

O traballador excedente conserva só un dereito preferente ao reingreso nas vacantes de igual ou similar categoría á súa, que houbera ou se produxesen na empresa, e sempre que o solicite con a lo menos un mes de antelación ao término da excedencia.

Artigo 12º.- Vacacións.

Todo o persoal suxeito a este convenio gozará dunhas vacacións anuais de 30 días naturais comezando, en calquera caso, o seu goce en día laborable.

Con carácter xeral as vacacións concederanse durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro, con carácter rotativo.

Os traballadores e traballadoras poderán trocar as súas vacacións comunicándollo á empresa con dous meses de antelación e sempre e cando realice o mesmo servizo que a persoa coa que as permute.

Artigo 13º.- Prendas de traballo.

A empresa proveerá, gratuitamente, ao persoal operario as prendas de traballo que deberán vestir no exercicio da prestación laboral .

A roupa de verán terá que ser entregada ao longo do mes de maio do ano que corresponda, e a de inverno ao longo do mes de outubro, tamén do ano que corresponda.

Para o persoal obreiro a roupa consistirá:

Inverno: Dous pantalóns, dúas camisas ou polos (á elección do traballador), unha cazadora, un xerseí ou chaleco.

Verán: Dous pantalóns, dúas camisas ou polos (á elección do traballador) e unha cazadora.

As botas de auga, botas de seguridade, traxe de auga, lubas e anoraq repartiránse segundo as necesidades particulares de cada traballador ou traballadora.

Aos/as analistas proveeráselles de dúas batas brancas ao ano ou en todo caso as que o seu estado ou deterioro así o recomenden.

Aqueles aspectos das prendas de traballo que podan afectar á seguridade e hixiene serán sometidos a informe do Comité de Seguridade e Saúde antes de súa adquisición.

As prendas de traballo renovaránse a petición do traballador ou traballadora segundo o seu uso ou deterioro, e previa entrega das prendas usadas.

CAPITULO V. OUTRAS DISPOSICIÓNS.

Artigo 14º.- Dereitos lingüísticos.

Os traballadores e traballadoras teñen o dereito a desenvolver a súa actividade laboral e profesional no idioma galego.

Así mesmo, a empresa non empregará discriminacións nen estereotipos sexistas na linguaxe utilizada nas circulares ou calquera outra forma de comunicación.

Artigo 15º.- Traballos en domingos, festivos, noites e disponibilidad.

1. Nos postos de traballo sometidos a quendas (ETAP), e para os efectos da percepción dos pluses correspondentes, as quendas quedan do seguinte xeito:

- Quenda de noite: dende as 23:00 horas do día anterior ata as 07:00 horas.
- Quenda de mañá: dende as 07:00 horas ata as 15:00 horas.
- Quenda de tarde: dende as 15:00 horas ata as 23:00 horas.

2. A **nocturnidade** corresponderá ás horas comprendidas entre as 23:00 e as 07:00 horas. Percibirá a nocturnidade o persoal que realice normalmente en período nocturno unha parte non inferior a tres horas da súa xornada diaria de traballo, así como aquel que se prevea que pode realizar en tal período unha parte non inferior a un tercio da súa xornada de traballo anual.

3. As quendas en Noiteboa, Nadal, Noitevella e Aninovo remuneraranse do seguinte xeito:

- Tarde de Noiteboa e Noitevella: para o ano 2009: 33,92 €; e para o ano 2010: 35,21 €.
- Noite de Noiteboa e Noitevella: para o ano 2009: 93,45 €; e para o ano 2010: 93,89 €.
- Mañá de Nadal e Aninovo: para o ano 2009: 90,45 €; e para o ano 2010: 93,89 €.
- Tarde de Nadal e Aninovo: para o ano 2009: 90,45 €; e para o ano 2010: 93,89 €.

O resto de quendas non terán ningún complemento por estes conceptos.

4. Disponibilidade en Noiteboa, Nadal, Noitevella e Aninovo.

Os reténs para os días de Noiteboa, Nadal, Noitevella e Aninovo remuneraranse con 33,92 € no ano 2009 e 35,21 no ano 2010.

O pago da disponibilidad para o grupo de fontanería e albanelería será o disposto no artigo 6.F.1 do presente Convenio.

5. **Domingo na ETAP:** 23,74 € no ano 2009; e 24,64 € no ano 2010.

6. **Festivo na ETAP:** 33,92 € no ano 2009; e 35,21 € no ano 2010.

7. **Nocturnidade:** 1,26 €/hora efectiva no ano 2009; e 1,31 €/hora efectiva no ano 2010.

Artigo 16º.- Axuda escolar.

Serán beneficiarios desta axuda os fillos dos traballadores fixos de plantilla con idade igual ou inferior a 18 anos que cursen o ensino obrigatorio.

A solicitude de axuda cursarase mediante o impreso que se estableza ó efecto, á que se achegará a seguinte documentación:

- a) Xustificante de terse matriculado no curso académico para o que se solicita a axuda.

As cuantías das axudas serán satisfeitas por unha soa vez, por cada beneficiario e curso académico, e estarán condicionadas ao cumprimento dos requisitos anteriores, rexindo as seguintes cuantías:

- Xardín de infancia (menos de 3 anos): 25,95 euros.
- Preescolar ou educación infantil (3 a 6 anos): 31,14 euros.
- Educación primaria ou 1º e 2º da ESO: 36,33 euros.
- 3º e 4º da ESO, 1º bacharelato: 41,52 euros.
- 2º bacharelato e Ciclo Formativo de Grao Superior: 46,71 euros.

O importe máximo a percibir por traballador será de 93,42 euros.

O prazo de solicitude da axuda está comprendido entre o 1 de setembro e o 20 de decembro de cada ano.

Artigo 17º.- Anticipos de Cancelación Diferida.

1.- O persoal que o solicite por escrito terá dereito a percibir un anticipo a conta do traballo realizado durante a mensualidade na que se solicita, por un importe máximo de ata un 80% do salario devengado.

Os anticipos concederanse o día 18 de cada mes, debendo solicitarse con 24 horas de antelación.

2.- Anticipos de cancelación diferida: A Empresa comprométese a destinar unha cantidade máxima de 10.000 euros para que aqueles traballadores que o necesiten podan solicitar anticipos de cancelación diferida nas seguintes condicións:

- Ser empleado fixo de plantilla.
- Que haxa saldo suficiente no fondo que a empresa destina como máximo a este fin.
- A cantidade máxima que se poderá conceder por traballador será de 1000 euros.
- Ditos anticipos deberán solicitarse durante os 5 primeiros días hábiles de cada mes, facéndose efectiva a concesión, unha vez aprobada, o día 15 do mes no que se solicita.
- O anticipo cancelarase no prazo máximo de 12 meses reténdose dos haberes mensuais de cada traballador os importes dos distintos vencementos.
- A primeira retención se fará efectiva no mes seguinte de que se solicite o anticipo.
- Se o traballador, antes da total cancelación do anticipo, cesara por calquera causa no servizo activo da empresa, se descontará a cantidade pendente de abonar do importe da liquidación dos devengos ata onde a mesma alcance. Se non alcanzase, o traballador comprometerase a liquidar a parte pendente de devolución nun prazo de dous meses a partires da data de baixa na empresa.
- O anticipo devengará un xuro anual do 0%.
- O traballador que disfrute dun anticipo de cancelación diferida non poderá solicitar outro ata a completa liquidación do anterior.
- Mentres se disfrute dun anticipo de cancelación diferida o traballador non poderá solicitar os anticipos a conta regulados no apartado anterior.

Artigo 18º.- Dereitos sindicais.

Cada membro do Comité de Empresa disporá dun crédito de 16 horas mensuais para o desenvolvemento das súas funcións representativas e sindicais.

Estas horas poderán acumularse trimestralmente.

En caso de solicitude de acumulación superior a 16 horas, a comunicación farase con 5 días de antelación á Dirección da Empresa. No resto dos casos a notificación farase segundo a legislación vixente.

Artigo 19º.- Comisión mixta de garantía.

As partes negociadoras acordan establecer unha comisión paritaria como órgano de interpretación, conciliación e vixilancia do cumprimento do presente convenio.

A comisión estará integrada paritariamente por dous representantes da parte social pertencentes ó Comité de Empresa e por dous representantes da parte económica. As partes poderán contar con asesores e xuntaranse a instancia de calquera delas tantas veces sexa necesario, debendo celebrarse a xuntanza dentro dos cinco días seguintes á convocatoria.

Serán funcións específicas da comisión paritaria as seguintes:

- a) Interpretación do Convenio.
- b) Vixilancia do cumprimento do Convenio.
- c) Estudio e valoración das novas disposicións legais de promulgación posterior á entrada en vigor do presente convenio que puidesen afectar ó seu contido.
- d) Cantas outras actividades tendan a unha eficacia práctica do convenio e a unha mellor solución interna dos conflitos.

As reunións da comisión paritaria non se descontarán do crédito de horas sindicais.

Artigo 20º.- Interpretación e aplicación.

As dúbidas e diverxencias que poidan xurdir sobre a aplicación deste convenio serán sometidas á comisión mixta paritaria, antes de presentar a reclamación pertinente ante a xurisdicción competente.

Dita comisión deberá emitir un informe e a súa resolución no prazo máximo de cinco días a partires do día en que foi solicitada.

As funcións e actividades da comisión mixta paritaria non obstaculizarán en ningún caso o libre acceso á xurisdicción administrativa e contenciosa prevista na lei.

Artigo 21º.- Cláusula de absorción.

As condicións pactadas no presente Convenio Colectivo constituirán un todo orgánico e indivisible e, aos efectos de aplicación práctica, serán consideradas globalmente no seu conxunto e cómputo anual. Estas condicións substituirán, compensarán e absorberán todas aquelas condicións que existisen no momento da súa entrada en vigor, calquera que fose a súa orixe e natureza, manténdose o presente convenio nos seus propios términos, no modo e condicións que quedan pactadas.

Artigo 22º.- Garantía “ad personam”.

Respetaranse as condicións máis beneficiosas que os traballadores teñan recoñecidas, a título persoal, pola Empresa, ó entrar en vigor este convenio colectivo, consideradas no seu conxunto e cómputo anual.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira.- Serán normas supletorias as legais de carácter xeral, ademais do Convenio Estatal das Industrias de captación, elevación, conducción, tratamento, distribución, saneamento e depuración de augas potables e residuais publicado no BOE de 24 de agosto de 2007 ou aqueles posteriores que o podan substituir.

Segunda.- As condicións pactadas no presente Convenio Colectivo refírense á realización da xornada máxima ordinaria que en cada momento veña establecida legalmente, polo que se aplicarán proporcionalmente en función da xornada que se realice.

Terceira.- Todas as referencias feitas no texto do Convenio aos traballadores, fillos, e outras referencias aparentemente realizadas ao xénero masculino, aos efectos de una maior simplificación na redacción do texto, enténdense feitas a un xénero neutro, é dicir, tamén afectan ao xénero feminino, salvo nos supostos en que por imperativo legal correspondan á Muller traballadora.

SERVIZOS

www.cigservizos.org

ANEXO I

TÁBOA RETRIBUTIVA DEFINITIVA ANO 2009								
	SALARIO BASE		PLUS PENOSO		PLUS TRANSPORTE	EXTRA VERÁN	EXTRA NADAL	TOTAL BRUTO ANUAL
	Diario	Mensual	Diario	Mensual				
GRUPO I								
Persoal de limpeza	31,69		2,70		48,00	950,56	950,56	15.027,71
GRUPO II								
SUBGRUPO I								
Lectores		1.059,93			48,00	1.059,93	1.059,93	15.414,95
Axudante de Mantenemento	32,60		2,70		48,00	977,89	977,89	15.414,95
Axudante de albanel	32,60		2,70		48,00	977,89	977,89	15.414,95
Peón especialista buscafugas	32,60		2,70		48,00	977,89	977,89	15.414,95
SUBGRUPO II								
Auxiliar Administrativo		1.092,42			48,00	1.092,42	1.092,42	15.869,94
Almaceneiro		1.092,42			48,00	1.092,42	1.092,42	15.869,94
Vixilante presa	33,67		2,70		48,00	1.010,01	1.010,01	15.869,94
Lectores de primeira		1.092,42			48,00	1.092,42	1.092,42	15.869,94
Oficial terceira buscafugas	33,67		2,70		48,00	1.010,01	1.010,01	15.869,94
Oficial terceira ETAP	33,67		2,70		48,00	1.010,01	1.010,01	15.869,94
Oficial terceira electromecánico	33,67		2,70		48,00	1.010,01	1.010,01	15.869,94
Oficial terceira fontaneiro	33,67		2,70		48,00	1.010,01	1.010,01	15.869,94
Oficial terceira albanel	33,67		2,70		48,00	1.010,01	1.010,01	15.869,94
Auxiliar técnico		1.092,42			48,00	1.092,42	1.092,42	15.869,94
SUBGRUPO III								
Analista		1.055,50		81,00	48,00	1.055,50	1.055,50	16.324,95
Oficial segunda administrativo		1.124,93			48,00	1.124,93	1.124,93	16.324,95
Oficial segunda fontaneiro	34,74		2,70		48,00	1.042,13	1.042,13	16.324,95
Oficial segunda buscafugas	34,74		2,70		48,00	1.042,13	1.042,13	16.324,95
Oficial segunda albanel	34,74		2,70		48,00	1.042,13	1.042,13	16.324,95
Oficial segunda electromecánico	34,74		2,70		48,00	1.042,13	1.042,13	16.324,95
Oficial segunda ETAP	34,74		2,70		48,00	1.042,13	1.042,13	16.324,95
SUBGRUPO IV								
Encargado de almacén		1.138,04			48,00	1.138,04	1.138,04	16.508,50
Oficial primeira administrativo		1.193,83			48,00	1.193,83	1.193,83	17.289,56
Oficial primeira fontaneiro	37,01		2,70		48,00	1.110,22	1.110,22	17.289,56
Oficial primeira albanel	37,01		2,70		48,00	1.110,22	1.110,22	17.289,56
Oficial primeira electromecánico	37,01		2,70		48,00	1.110,22	1.110,22	17.289,56
Oficial primeira ETAP	37,01		2,70		48,00	1.110,22	1.110,22	17.289,56
Delineante		1.193,83			48,00	1.193,83	1.193,83	17.289,56
Inspector suministros		1.280,99			48,00	1.280,99	1.280,99	18.509,83
Subcapataz	41,77		2,70		48,00	1.253,08	1.253,08	19.313,46
Delineante primeira		1.356,79			48,00	1.356,79	1.356,79	19.571,01
Delineante-proxectista		1.393,37			48,00	1.393,37	1.393,37	20.083,19
GRUPO III								
Capataz	44,42		2,70		48,00	1.332,62	1.332,62	20.440,30
Encargado		1.434,64		81,00	48,00	1.434,64	1.434,64	21.632,92
GRUPO IV								
Diplomado Univ. / Enx. Técnico		1.509,28			48,00	1.509,28	1.509,28	21.705,94
GRUPO V								
Licenciado Univ. / Enx. Sup. / Grao Univ.		1.568,03		81,00	48,00	1.568,03	1.568,03	23.500,40
NÚMERO DE VECES	365	12	365	12	12	1	1	

ANEXO II

TÁBOA RETRIBUTIVA DEFINITIVA ANO 2010								
	SALARIO BASE		PLUS PENOSO		PLUS TRANSPORTE	EXTRA VERÁN	EXTRA NADAL	TOTAL BRUTO ANUAL
	Diario	Mensual	Diario	Mensual				
GRUPO I								
Persoal de limpeza	32,89		2,80		49,82	986,70	986,70	15.598,77
GRUPO II								
SUBGRUPO I								
Lectores		1.100,21			49,82	1.100,21	1.100,21	16.000,72
Axudante de Mantenemento	33,84		2,80		49,82	1.015,20	1.015,20	16.000,72
Axudante de albanel	33,84		2,80		49,82	1.015,20	1.015,20	16.000,72
Peón especialista buscafugas	33,84		2,80		49,82	1.015,20	1.015,20	16.000,72
SUBGRUPO II								
Auxiliar Administrativo		1.133,94			49,82	1.133,94	1.133,94	16.473,01
Almaceneiro		1.133,94			49,82	1.133,94	1.133,94	16.473,01
Vixilante presa	34,95		2,80		49,82	1.048,50	1.048,50	16.473,01
Lectores de primeira		1.133,94			49,82	1.133,94	1.133,94	16.473,01
Oficial terceira buscafugas	34,95		2,80		49,82	1.048,50	1.048,50	16.473,01
Oficial terceira ETAP	34,95		2,80		49,82	1.048,50	1.048,50	16.473,01
Oficial terceira electromecánico	34,95		2,80		49,82	1.048,50	1.048,50	16.473,01
Oficial terceira fontaneiro	34,95		2,80		49,82	1.048,50	1.048,50	16.473,01
Oficial terceira albanel	34,95		2,80		49,82	1.048,50	1.048,50	16.473,01
Auxiliar técnico		1.133,94			49,82	1.133,94	1.133,94	16.473,01
SUBGRUPO III								
Analista		1.095,61		84,08	49,82	1.095,61	1.095,61	16.945,30
Oficial segunda administrativo		1.167,68			49,82	1.167,68	1.167,68	16.945,30
Oficial segunda fontaneiro	36,06		2,80		49,82	1.081,80	1.081,80	16.945,30
Oficial segunda buscafugas	36,06		2,80		49,82	1.081,80	1.081,80	16.945,30
Oficial segunda albanel	36,06		2,80		49,82	1.081,80	1.081,80	16.945,30
Oficial segunda electromecánico	36,06		2,80		49,82	1.081,80	1.081,80	16.945,30
Oficial segunda ETAP	36,06		2,80		49,82	1.081,80	1.081,80	16.945,30
SUBGRUPO IV								
Encargado de almacén		1.181,28			49,82	1.181,28	1.181,28	17.135,83
Oficial primeira administrativo		1.239,19			49,82	1.239,19	1.239,19	17.946,56
Oficial primeira fontaneiro	38,42		2,80		49,82	1.152,60	1.152,60	17.946,56
Oficial primeira albanel	38,42		2,80		49,82	1.152,60	1.152,60	17.946,56
Oficial primeira electromecánico	38,42		2,80		49,82	1.152,60	1.152,60	17.946,56
Oficial primeira ETAP	38,42		2,80		49,82	1.152,60	1.152,60	17.946,56
Delineante		1.239,19			49,82	1.239,19	1.239,19	17.946,56
Técnico PRL / Calidade / M-A		1.273,70			49,82	1.273,70	1.273,70	18.429,64
Inspector suministros		1.329,67			49,82	1.329,67	1.329,67	19.213,20
Subcapataz	43,36		2,80		49,82	1.300,80	1.300,80	20.047,38
Delineante primeira		1.408,34			49,82	1.408,34	1.408,34	20.314,70
Delineante-proxectista		1.446,32			49,82	1.446,32	1.446,32	20.846,36
GRUPO III								
Capataz	46,11		2,80		49,82	1.383,30	1.383,30	21.217,04
Encargado		1.489,16		84,08	49,82	1.489,16	1.489,16	22.454,98
GRUPO IV								
Diplomado Univ. / Enx. Técnico		1.566,64			49,82	1.566,64	1.566,64	22.530,77
GRUPO V								
Licenciado Univ. / Enx. Sup. / Grao Univ.		1.627,62		84,08	49,82	1.627,62	1.627,62	24.393,42
NÚMERO DE VECES	365	12	365	12	12	1	1	

ANEXO III

ÁRBOL GENEALÓGICO

(GRADOS DE CONSANGUINIDAD Y AFINIDAD)

